


▲ **PEDRO A. RAMOS GARCÍA**
MASCULINO SINGULAR
ED. EDAF

■ O guionista madrileño Pedro A. Ramos, afincado desde hai anos na Coruña, debuta na novela con este vodevil disparatado. Relatado telegraficamente, o argumento pode resultar banal: un escritor en horas baixas repensa a súa relación mentres lidia cos embates erótico-sentimentais dunha presentadora de televisión sexualmente voraz e un gai namorado ata a médula. Pero as virtudes do estilo de Ramos, unha mestura de humor e lirismo que foxe dos lugares comúns, elevan á categoría de arte esta novela que é algo moi serio: un divertimento.


●●●○○ Sorprendente debut.



▲ **DANIEL SALGADO**
ÉXODO
ED. XERAIS

■ Terceira entrega poética esta novísima voz que transita do persoal ao colectivo, do íntimo ao político, sen solución de continuidade. Híbrido perfecto de romántico e marxista, Daniel Salgado está a construír unha das obras poéticas máis recoñecibles dos últimos anos. 'Éxodo' é a súa aposta máis arriscada ata o momento: un único poema, extensísimo, no que irrompe en refachos nostáxicos e carraxentos a experiencia grupal da emigración. Grazas ás ínfulas narrativas do texto e unha notable pericia rítmica, o autor sae airoso nun formato moi esixente co lector que el traballou coma unha peza de free-jazz.

●●●○○ O valor do risco.



▲ **MARÍA DO CEBREIRO**
OS HEMISFERIOS
ED. GALAXIA

■ Pertencente á nova fornada de poetas galegas, que a efectos de marketing se adoita presentar como grupo, María do Cebreiro singularízase con esta obra afastada de tópicos. Nela podemos atopar todos os temas habituais e recoñecibles, desde o erotismo até a incomunicación, pasando polo coñecemento, tratados dun xeito inusual na tradición literaria galega. A economía expresiva, unha orixinal simulación da oralidade e grandes doses de intelixencia contribúen a facer desta obra unha das máis felices novidades poéticas do ano que remata.


●●●○○ Voz en plena madurez.

▲ **DIEGO AMEIXEIRAS**
TRES SEGUNDOS DE MEMORIA
ED. XERAIS

■ Ameixeiras deixa, cando menos por unha tempada, o seu detective Horacio Dopico para abordar unha crónica xeracional felizmente carente de pretensións. O narrador-protagonista ten unha vida ben recoñecible por aqueles que estean na banda dos 30 anos, con numerosos indicios de inspiración autobiográfica. Vexan se non a ficha técnica: mozo de 30 anos que se abanea entre o emprego precario e o desemprego; sentimentalmente inestable, máis romántico; cliente de bares underground, que xa non frequenta coa mitomanía propia dos 20 anos senón cun punto de distanciamento crítico; compañeiro de aluguer dun contemporáneo ao que apenas ve; consumidor habitual de arroces e pastas; ocasional visitante da casa paterna e a habitación da infancia... etcétera etcétera. Realidade en estado puro, case que documental, retratada en capítulos curtos e momentos fugaces. Ameixeiras evita a tradicional estrutura presentación-nó-desenlace e compón unha especie de diario

●●●○○ Un cronista irónico e intelixente.

que se le de corrido, con pracer e un sorriso que ás veces desemboca en gargallada. O estilo é deliberadamente elusivo, que é tanto como dicir que xamais resulta pedante, senón máis ben unha parodia de si mesmo e, de camiño, da propia vida. A isto axuda un dos logros máis destacables da novela, que é o cultivo dunha linguaxe coloquial que non renuncia á riqueza de xiros e léxico sen deixar de soar a galego vivo, cousa que, por desgraza, non se pode dicir de moitas novidades literarias _en ocasións gratuitamente academicistas, outras veces innecesariamente pobres_. Para redondear toda esta serie de virtudes, o novelista saca o poeta que leva dentro e consente que a súa voz suavice a narración. E en lugar de sufrir a un cínico desenganado e autodestrutivo, habituais neste tipo de novelas, presenciamos a deriva dun tipo tenro que busca algo tan normal como un lugar no mundo e a cota correspondente de felicidade. Nin Ellis nin Mañas. Non é que sexa mellor, pero é moi bo.



HUMOR. O humor, compoñente pouco habitual da literatura contemporánea, é ingrediente básico dunha presa de obras mestras. Cómpre dosificalo para que non amole e, o que é máis importante, para que faga graza. Outro dos acertos desta novela na que o protagonista fai mofa, ante todo, de si mesmo. Agradácese a ausencia de chistes machistas, tópicos sobre a vida en parella e demais recursos fáciles.